

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A EXPLORACIÓN DAS POTENCIALIDADES DA ANÁLISE DE DATOS NA ADECUACIÓN DE ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE VIRTUAIS PARA A MELLORA DO ÉXITO ACADÉMICO.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

**DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades formalizou o 5 de xuño de 2023 coa Universidade de Vigo un convenio de colaboración para a exploración das potencialidades da análise de datos na adecuación de actividades de aprendizaxe virtuais para a mellora do éxito académico.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

**Primeiro.-** A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten entre as súas funcións a de poñer a disposición dos centros educativos contornas de aprendizaxe que respondan aos principios de igualdade, inclusión, calidade e equidade. Isto implica a axeitada atención á diversidade do alumnado e a posta en xogo de procesos de aprendizaxe centrados neste.

**Segundo.-** A Consellería é consciente da necesidade de ferramentas para a análise da enorme cantidade de datos que se xeran nas plataformas de ensino virtual e mixto por parte de estudiantado galego de escolaridade obrigatoria, que permitan ao persoal docente tomar mellores



decisións informadas de planificación e axuste das actividades formativas de xeito individualizado para garantir a plena equidade do sistema educativo.

**Terceiro.-** O Grupo de Tecnoloxías da Información da Universidade (en diante, GTI) é o principal grupo en transferencia tecnolóxica da Universidade no campo das TIC, sendo Grupo de Referencia Competitivo en catro ocasións.

O GTI ten desenvolvido unha intensa actividade no campo do procesamento de grande volumes de datos e da intelixencia artificial aplicada á ensinanza, así como a asistencia a persoas con necesidades específicas de apoio educativo. Parte dunha sólida base de recursos propios de análise de datos e textos (emoción, sentimento e aspectos, segmentación automática e xeración de textos).

**Cuarto.-** Para iso e para alcanzar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común de ambas partes, asinaron o convenio de colaboración.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Manuel Vila López

